

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

**ASUNTO: NOMEAMENTO TRES PEÓNS/PEOAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A XORNADA PARCIAL, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SOBRADO (PEL-CONCELLOS 2026).**

**EXPEDIENTE Nº: 2026/E001/000001.**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000215.**

No BOP nº 197 de 15/10/2025, publicouse a Resolución da Deputación da Coruña pola que se establecen as *bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións á contratación de persoal para execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-Concellos 2026)* e pola cal este Concello solicitou achega económica de 22.000,00 € para contratación de 3 peóns/peoas a xornada parcial e cuxa Resolución foi publicada o 26/02/2026 no BOP nº 38 con dita achega económica.

Mediante Decreto de Alcaldía Nº 170/2026, do 08/04/2026, aprobouse a convocatoria e bases do concurso-oposición para a contratación de tres peóns/peoas a xornada parcial de seis horas durante cinco meses, para a realización de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Sobrado.

Trala publicación do anuncio no BOP da Coruña o 14/04/2026, no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Sobrado, e unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, a base sexta establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que subsanar.

Polo Decreto de Alcaldía Nº 195/2026 do 21/04/2026 foi publicada a lista definitiva de admitidos/as e nomeamento da comisión seleccionadora do proceso selectivo.

A Comisión Seleccionadora do proceso selectivo (PEL-CONCELLOS 2026) despois de realizar o concurso-oposición aos aspirantes e segundo os resultados obtidos polos mesmos, emitíu a acta cos resultados o 27/04/2026 e facendo a proposta de nomeamento como peóns/peoas de:

**ASPIRANTES SELECCIONADOS E PROPOSTOS:** Por orde de maior puntuación.

APellidos e Nome	DNI
GONZÁLEZ RIO MARÍA DEL PILAR	***3679**
VARELA ESPIDO JOSÉ LUÍS	***8471**
VIGO SANMARTÍN JAVIER	***0741**

Transcorrido o prazo de alegacións establecido nas bases da convocatoria e sen ter recibido ningunha, os resultados elévanse a definitivos.

Os seleccionados presentaron correctamente a documentación requirida de conformidade coa base undécima da convocatoria co rexistro de entrada núm. 202600000000582, 202600000000586, 202600000000588, do 29/04/26 para a realización do contrato.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da dita lei, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, de tres peóns/peoas para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos (PEL-CONCELLOS 2026) mediante concurso-oposición, segundo os resultados da acta da comisión seleccionadora.

**SEGUNDO.-** Proceder a contratación de M<sup>a</sup> Pilar González Río con DNI: \*\*\*3679\*\*, Jose Luís Varela Espido con DNI: \*\*\*8471\*\* e Javier Vigo Sanmartin con DNI: \*\*\*0741\*\*, como peón/peoa para servizos mínimos municipais dende o día 06/05/2026 ato o 05/10/2026.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente resolución aos interesados/as e ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Dar publicidade da presente resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)), aos efectos oportunos.

Mándao e asínao, o Sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde-presidente

A secretaria-interventora

Luís Lisardo Santos Ares

Alejandra D. Fandiño Sánchez